

O DESENVOLVEMENTO LOCAL COMO FACTOR DE CRECEMENTO

Alberto Rodríguez Barcón
Universidade da Coruña
arbarcon@hotmail.com

As pautas demográficas rexistradas nos concellos galegos a partires da década dos '80 nos introducen nun cambio de tendencia nos fluxos migratorios intermunicipais en sintonía cós procesos de mobilidade e transformación social acaecidos no resto do Estado. A partires do xurdimento de correntes de carácter suburbano vanse redistribuír os pesos demográficos dentro do territorio galego fornecendo aos concellos limítrofes e/ou ben comunicados coas cidades tradicionais e cabeceiras comarcais tecendo amplas áreas de urbanización difusa.

A localización natural dos concellos e a rendibilidade en termos económicos e temporais a respecto do desprazamento cotián cara unha cidade de orde superior é un factor clave para explicar o aumento residencial. Porén, é, principalmente, o factor da localización e da comunicación espacial o que incide dun xeito máis directo no crecemento dunha serie de concellos achegados aos núcleos urbanos máis importantes do país, ou ben que acadaron certa dinamización económica ao situarse en enclaves costeiros con rendibilidade turística.

Se ben o factor da localización e das infraestruturas de mobilidade terrestre son, a día de hoxe, un requisito indispensable no desenvolvemento residencial dun concello, rexístranse outros factores necesarios no crecemento socioeconómico: medidas endóxenas de desenvolvemento local que procuren a diversificación económica dos sistemas produtivos, a captación de financiamento exterior e procura de novos nichos laborais, os plans de xeración activa de emprego, a importación e aplicación de metodoloxías empresariais innovadoras e do *'know how'*, e a adecuación do marco institucional local ás necesidades reais de crecemento e interrelación con outras localidades de rango superior. A funcionalidade e adaptabilidade dos concellos inseridos nas áreas de influencia urbana dos núcleos máis poboados, precisa de estratexias activas de desenvolvemento local que perciban as necesidades e eivas que estes concellos posúen para o seu crecemento económico.

Cadro I. Poboación por provincias e tamaño dos concellos (2008 - 2003)
Elaboración propia

		Total	0 – 10.000	10.001 - 50.000	50.000 - 300.000
A Coruña	2008	1.139.121	341.992	382.930	414.199
	2003	1.120.814	322.954	382.855	415.005
Lugo	2008	355.549	195.713	64.420	95.416
	2003	360.512	205.525	63.829	91.158
Ourense	2008	336.099	176.749	52.293	107.057
	2003	342.213	192.497	40.241	109.475
Pontevedra	2008	953.400	177.198	399.750	376.452
	2003	927.555	175.376	381.620	370.559

Cadro II. Taxa intercensal de crecemento 2008-2003 por tamaño de poboación. Elaboración propia

	2008	2003	TIC (2008 – 2003)	
0 – 10.000	891.652	896.352	-4.700	-0.52 %
10.001 – 50.000	899.393	868.545	30.848	3.42 %
50.001 – 300.000	993.124	986.197	6.927	0.69 %

A continuación imos a expor os concellos co maior crecemento relativo no conxunto galego para o período temporal indicado. Na reprodución desta clasificación, optamos por amosar só os concellos que superan o 0.05% de tamaño demográfico en relación ao conxunto total, para non alongar en exceso a listaxe sendo, pois, este, un filtro totalmente subxectivo.

Cadro III. Concellos con maior crecemento relativo no total galego (2003-2008):Elaboración propia

Posto	Concello	Peso relativo (%)	Posto	Concello	Peso relativo (%)
1º	Ames	0,20	9º	Ponteareas	0,07
2º	Arteixo	0,14	10º	Sada	0,07
3º	Culleredo	0,13	11º	Pontevedra	0,07
4º	Oleiros	0,12	12º	Barbadás	0,06
5º	Lugo	0,12	13º	Gondomar	0,06
6º	Narón	0,10	14º	Teo	0,05
7º	Vilagarcía de Arousa	0,09	15º	Carballo	0,05
8º	Cambre	0,09	16º	Tomíño	0,05

Axiña destaca, se atendemos ao emprazamento, unha preponderancia na localización occidental dos concellos. Agás Lugo que segue a polarizar fluxos migratorios procedentes de concellos rurais limítrofes, e porén, aumentando o seu peso porcentual en relación có conxunto municipal xunto con Barbadás, que acrecentou espectacularmente a súa poboación nos últimos anos grazas á súa localización próxima a Ourense, o resto de concellos fican nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

No que respecta ao resto de concellos, sobresaen as áreas metropolitanas de A Coruña e Vigo como grandes bolsas de desenvolvemento urbano. Trátase, pois, de concellos achegados á cidade tradicional e, porén, beneficiados da desconcentración produtiva que xera novos postos de traballo. Ademais, a proximidade permite o establecemento de fluxos cotiás de mobilidade pendular en termos positivos de custos económicos e de tempo, o que produce unha ampliación do mercado laboral urbano aos concellos circundantes ao mesmo tempo que se configura unha prolongación do mercado da vivenda cara áreas limítrofes. A carestía dos pisos nos centros urbanos tradicionais posibilita a construción de novas residencias en concellos dinámicos axustando a oferta residencial coa variábel da demanda. Así, mentres os núcleos compactos acadan prezos elevados en base á proximidade física aos centros de traballo e de lecer, os custos residenciais van decrecendo a medida que nos afastamos a concellos situados dentro da área urbana, máis que seguen sendo rendíbeis en termos de custos económicos derivados do transporte e mobilidade cara os centros de traballo e consumo.

Cadro IV. *Ránking* por taxa media de crecemento interanual (2003-2008).Elaboración propia

Posto	Concello	Poboación 2003	Poboación 2008	TMCA (%) 2008-2003
1º	Ames	20.016	25.818	2,58
2º	Barbadás	7.193	8.890	2,14
3º	Salceda de Caselas	6.710	7.938	1,69
4º	Arteixo	24.668	28.961	1,62
5º	Sada	11.963	14.036	1,61
6º	Soutomaior	5.603	6.537	1,55
7º	Culleredo	23.851	27.670	1,50
8º	Ribadumia	4.151	4.781	1,42
9º	Oroso	5.933	6.804	1,38
10º	Gondomar	11.987	13.713	1,35
11º	Pereiro de Aguiar	5.326	6.049	1,28
12º	Oleiros	28.643	32.381	1,23
13º	Tomiño	11.487	12.982	1,23
14º	Cambre	20.297	22.900	1,21
15º	Salvaterra de Miño	8.117	9.140	1,19
16º	Ponteareas	20.432	22.750	1,08

De xeito semellante a cando vimos a configuración da dimensión relativa de cada concello no conxunto da Galiza, os resultados extraídos da análise da Taxa Media de Crecemento Interanual por concello para o período 2003-2008 reflicte unha distribución do dinamismo sociodemográfico positivo nas áreas xeográficas que fican nas provincias occidentais do país e, nomeadamente, nas áreas próximas ás sete cidades compactas galegas.

Así, só Barbadás cun 2.14% e O Pereiro de Aguiar cun 1.28% sobresaen como únicos concellos do interior que acadan unha taxa de crecemento anual por riba do 1%, e ámbolos dous sitúanse na provincia de Ourense, ao carón mesmo da capital de provincia. Lugo, pois, non posúe ningún concello que consiga un dinamismo destacábel por riba do 1%, inda que concellos como Outeiro de Rei e Rábade, anexos á cidade de Lugo, e ao norte, grazas á súa localización costeira, Burela e Ribadeo, acadan certo crecemento significativo interanual de poboación.

CONCLUSIÓN

En consecuencia có exposto enriba, fica patente a necesidade de atender ás dinámicas migratorias que están a aconteceren na estrutura residencial galega de modo que poidamos delimitar as escalas de actuación das políticas de crecemento produtivo local. As estratexias de desenvolvemento local deben axudar ao reequilibrio demográfico no país e á xeración de novos segmentos produtivos en territorios que actualmente non xeran emprego dabondo para reter á súa poboación.

Compre darlle unha visión máis ampla ás iniciativas de crecemento endógeno situándoas nun plano que abranga ao conxunto galego, e proxectándoas como mecanismos de desenvolvemento económico que axuden ao reaxuste territorial, atenuando os procesos centrípetos derivados da concentración de recursos e forzas produtivas nos núcleos urbanos tradicionais.

BIBLIOGRAFÍA

DALDA, J. L.; GARCÍA, M.; HARGINDEY, J. (2005): "*Cidade Difusa en Galicia*" Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellaría de política Territorial.

PRECEDO, A; MÍGUEZ, A.; FERNÁNDEZ, M.I. (2008): "Galicia: o tránsito cara a unha sociedade urbana no contexto da Unión Europea", *Revista Galega de Economía*, vol.. 17, núm. Extraordinario, pp. 89-108.

RODRÍGUEZ, ROMÁN (1999): "De aldeas a cidades" Vigo: Ir Indo edicións.

VÁZQUEZ, ANTONIO (1988): "Las iniciativas locais y los sistemas de localización industrial" *Estudios Regionales* Nº22, pp. 69-82.

VÁZQUEZ, A.; SEISDEDOS, G.; LACALLE, M. (2009): "Las regiones policéntricas, territorio estratégico del desarrollo económico" Centro de Estudios en Desarrollo de la universidad de Madrid: Xunta de Galicia.